

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

*RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2023 pola que se aproba o Plan experimental para a xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) con nasa para a campaña 2023/24.*

Antecedentes.

En Galicia o ciclo vital do polbo é de aproximadamente dous anos. O principal período reprodutivo acontece en primavera e, como consecuencia disto, a época de recrutamento (individuos de ata 300 g de peso) é na primavera-verán do ano seguinte. A frota que traballa con nasa para polbo explota basicamente unha única cohorte anual.

Desde o ano 1992 na pesqueira do polbo en Galicia utilizouse, na maioría dos anos, a veda nos meses de maio e xuño, como unha medida técnica para protexer a reprodución da especie e contribuír a que a explotación sexa máis sustentable. Polo tanto, co fin de axustar a xestión pesqueira ao ciclo de vida da especie, considérase razoable que cada campaña de pesca comece despois da veda e remate no inicio do período de veda seguinte.

Aínda que os estudos científicos recentes indican que a abundancia desta especie depende en gran medida das condicións ambientais que actúan sobre o recrutamento, o resultado económico das campañas pesqueiras pode ser mellorado se se deseñan plans de explotación con medidas técnicas axeitadas que ordenen a actividade da frota.

Para evitar que a caída da produción de polbo continúe nos próximos anos, é preciso incluír no Plan experimental para a xestión do polbo novas medidas técnicas que eviten tanto a sobrepesca da especie como a saturación dos mercados nos inicios de campaña, mellorando a rendibilidade da actividade pesqueira.

Na xuntanza da comisión de seguimento do Plan experimental para a xestión do polbo achéganse as suxestións correspondentes para a elaboración deste plan.

A aprobación do Plan experimental apóiase, polo tanto, na necesidade de continuar co estudo das medidas aplicadas no plan anterior.

Por medio destas modificacións, e coa colaboración do sector para a correcta e estrita aplicación destas medidas, preténdese actualizar e axustar aspectos concretos da regulamentación para a consecución dun mellor aproveitamento do recurso e o máximo benestar social.



Fundamentos técnicos e xurídicos.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece no artigo 6 que «a política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, os de: 1. O establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos (...)».

A arte da nasa de polbo vén regulada no capítulo IV, sección primeira, subsección cuarta, nos artigos 138, 139, 140 e 141 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto, o artigo 141.2 establece que «a través dos plans de xestión aprobados pola consellería competente en materia de marisqueo se establecerán os períodos, zonas e condicións para o calamento de nasas pechadas». Así, mediante a Resolución do 29 de abril de 2022 autorizouse o Plan experimental para a xestión do polbo ata a data de inicio da veda do ano 2023.

Por outra banda, en aplicación do disposto no artigo 3.2 do Decreto 198/2004, do 29 de xullo, que modifica o Decreto 424/1993, do 17 de decembro, a Consellería do Mar poderá, con carácter temporal e experimental, aprobar plans de pesca co obxecto de estudar a modificación da regulación das artes de pesca definidas no regulamento para unha mellora na xestión dos recursos pesqueiros.

En relación co anterior, establécese na disposición transitoria terceira do citado Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, que os plans experimentais referidos no artigo 3.3 deste decreto manteñen a regulación prevista no artigo 3.bis do Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, aprobado polo Decreto 424/1993, ata que non se aprrobe a norma que o substitúa.

Polo anterior,

RESOLVO:

Autorizar o Plan experimental para a xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) con nasa, baixo os seguintes termos e condicións:



1. Ámbito de aplicación.

Augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para todas as embarcacións con artes menores que teñan a modalidade de nasa para polbo no seu permiso de explotación e con porto base nesta comunidade, así como para aquelas que, tendo porto base noutras comunidades autónomas, teñan permisos especiais de pesca para faenar nas ditas augas.

2. Vixencia do plan.

A época de vixencia do presente plan abranguerá desde o 19 de maio de 2023 ata a data de inicio da veda do ano 2024, que se fixará mediante o correspondente plan que se publicará antes da seguinte veda.

3. Período de veda.

O período de veda para o ano 2023 queda establecido entre as 16.00 horas do 19 de maio e as 5.00 horas do 3 de xullo de 2023.

As capturas desembarcadas o 19 de maio poderán ser comercializadas tamén o 20 de maio naquelas lonxas en que tradicionalmente se viñesen realizando vendas de polbo os sábados.

Polo tanto, neste período queda expresamente prohibida a captura, tenza a bordo, transbordo, desembarco, almacenamento, venda ou comercialización do polbo, por medio de calquera arte, en augas de competencia en marisqueo da Comunidade Autónoma de Galicia. As embarcacións dedicadas á captura de polbo con nasas deberán retirar estas do seu calado e levalas a porto. O período de veda será, así mesmo, aplicable á pesca marítima de recreo e ás capturas acadadas con calquera outra arte distinta da nasa para polbo.

4. Especies.

A especie de captura obxecto deste plan será o polbo (*Octopus vulgaris*). As demais especies acompañantes terán que cumprir cos tamaños mínimos exixidos, non estar en veda e cumprir coas disposicións legais que lles sexan de aplicación.

O peso das especies acompañantes non poderá superar o 10 % do peso das capturas totais de polbo autorizadas para cada embarcación e día. Desta limitación quedan excluídos os peixes e o patexo.



5. Peso mínimo de captura.

1 kg/peza, independentemente de que sexa enteiro ou eviscerado a bordo.

6. Número de nasas.

O número máximo de nasas para polbo permitido estará en función do tamaño da embarcación (tipificado segundo o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro) e do número de tripulantes enrolados e a bordo.

Polo tanto, e para as seguintes zonas específicas, o número de nasas queda establecido do seguinte xeito:

1. Zona A (litoral atlántico oeste): desde A Guarda ata a Pedra do Sal (Caión):

a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 200 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 300 nasas por embarcación.

b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 200 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 600 nasas por embarcación.

Non obstante, aquelas embarcacións do tipo VI e VII que cotizan no 2º grupo B, de máis de 10 TRB, poderán ter un máximo de 800 nasas.

2. Zona B (litoral atlántico norte): desde a Pedra do Sal ata Illa de San Vicente:

a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 200 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 300 nasas por embarcación.

b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 200 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 550 nasas por embarcación.

Non obstante, aquelas embarcacións do tipo VI e VII que cotizan no 2º grupo B, de máis de 10 TRB, poderán ter un máximo de 650 nasas.

3. Zona C (litoral cantábrico): desde Illa de San Vicente ata o río Eo:

a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 175 nasas.



b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 250 nasas por embarcación máis 50 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 550 nasas.

En todo momento deberán respectarse as condicións establecidas nos certificados de seguridade emitidos polas capitanías marítimas.

7. Cotas máximas diarias de captura e desembarco.

Desde o 3 de xullo ata o 31 de agosto de 2023 a cota máxima será de 35 kg por barco e día, ao cal se lle engadirán 35 kg/día por cada tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 240 kg/día.

No que resta de campaña a cota máxima será de 55 kg por embarcación e día, ao cal se lle engadirán 55 kg/día por cada tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 380 kg/día.

En función da evolución da campaña e debido a circunstancias que o xustifiquen, as cotas máximas diarias de captura e desembarco poderán ser substituídas por topes semanais, durante o tempo en que permanezan vixentes as circunstancias que motivaron o dito cambio de topes diarios a topes semanais.

8. Horario de traballo das embarcacións con nasa para polbo.

A actividade iniciarase ás 6.00 horas e finalizará ás 16.00 horas. Non obstante, permitirase a saída do porto a partir das 5.00 horas.

Enténdese por inicio e fin da actividade o largado e o virado das nasas.

Fóra dos horarios establecidos non se poderá realizar no mar ningún tipo de actividade coas nasas para polbo.

Cando se produza un cambio de despacho para outra arte deberánse retirar a totalidade das nasas e depositalas en terra. De igual xeito, cando se despache para outra zona, deberá terse en conta o establecido no número 6 (número de nasas) desta resolución. En ambos os dous casos, por requirimento dos funcionarios do Servizo de Gardacostas, indicarán a súa localización e permitirán a súa inspección.

9. Réxime de calamento das nasas.

A captura do polbo con nasa pechada, coas dimensións previstas para a nasa de nécora, farase por fóra das rías, segundo as liñas definidas como anexo I no Decreto 15/2011,



do 28 de xaneiro. Ademais, poderán utilizarse por fóra das liñas de referencia sinaladas como anexo V no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, de acordo co establecido neste artigo.

1. De Cabo Silleiro a Con da Agueira: entre o anexo V e o anexo I, as nasas terán que levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días. Por fóra das liñas definidas no anexo I, e en fondos inferiores aos 20 metros (segundo a sonda establecida nas cartas do Instituto Hidrográfico da Mariña) e para a totalidade da cacea, as nasas deberán levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días. E por fóra das liñas definidas no anexo I, e en fondos superiores aos 20 metros (segundo a sonda establecida nas cartas do Instituto Hidrográfico da Mariña) e para a totalidade da cacea, as nasas poderán permanecer no seu calamento sen seren levadas a porto incluso durante o período de descanso semanal. Na cara oeste da Illa de Ons, desde O Con da Serriña ata O Illote do Centulo, as nasas poderán permanecer no seu caladoiro sen seren levadas a porto e sen limitación de profundidade.

2. De Con da Agueira a Cabo Corrubedo: entre o anexo V e o anexo I, as nasas terán que levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días. No período comprendido entre o 1 de outubro e o inicio da veda do ano seguinte, as nasas poderán permanecer no seu calamento sen seren levadas a porto todos os días, incluso durante o período do descanso semanal.

3. No resto do litoral galego: as nasas poderán permanecer no seu calamento sen seren levadas a porto, incluso durante o período de descanso semanal. No período comprendido entre o 1 de outubro e o inicio do período de veda anual, as nasas poderán utilizarse por fóra das liñas de referencia sinaladas coma anexo V.

Lémbrese o disposto no parágrafo segundo do número 6 da Resolución do 10 de xuño de 2021 pola que se aproba o Plan experimental para a xestión da nécora e do camarón coa arte de nasa nécora e camarón 2021-2023, que prohibe a captura do polbo por dentro das liñas de referencia do anexo III, establecidas no devandito Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, con calquera arte, incluída a pesca recreativa. Este parágrafo permanecerá en vigor, sempre e cando sexa recollido no seguinte Plan experimental para a xestión da nécora e do camarón coa arte de nasa nécora e camarón 2023-2025.

Autorízase o transporte polos anexos III e V con exemplares de polbo capturados de forma regulamentaria.



Antes de que a embarcación despache para unha nova modalidade de pesca, deberá levantar e levar a terra todas as nasas segundo as condicións establecidas no punto 8.

A consellería competente na materia poderá autorizar o mantemento das artes ou aparellos calados fóra do horario de traballo establecido e/ou do descanso obrigatorio semanal naqueles casos en que as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables, ou por acontecemento sobrevido por causa de forza maior debidamente xustificada, tras a comunicación por parte do/da armador/a ou patrón/oa ao Servizo de Gardacostas ao correo electrónico: pescasala.operacions@xunta.gal. Este explicará os motivos e indicará o número de pezas ou caceas, así como a situación destas, expresadas en latitude e lonxitude ou, de ser o caso, indicará da maneira máis exacta posible a situación xeográfica da zona onde se atopen.

10. Balizamento.

Os extremos ou cabeceiras de cada unha das caceas que se manteñan caladas deberán ser balizados e identificarse axeitadamente segundo o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, indicando de forma clara e visible a matrícula e o folio da embarcación, así como a letra «N».

11. Puntos de descarga, control e venda.

Soamente se poderá descargar polbo nos portos autorizados para iso pola Consellería do Mar, relacionados no anexo.

En cada un dos portos autorizados establecerase un punto principal de descarga do polbo para facilitar os labores de control das capturas; estes puntos de descarga estarán o máis próximos posible á lonxa de comercialización do polbo. Para cada punto de descarga estableceranse previamente os horarios correspondentes.

Naqueles puntos de descarga en que se considere necesario, por causa de condicións meteorolóxicas adversas, poderase establecer un punto de descarga secundario. En ningún caso se poderán simultanear ambos os puntos.

Cando, por circunstancias imprevistas sexa necesario realizar a descarga fóra dos horarios previstos será obrigatorio comunicalo ao Servizo de Gardacostas ao correo electrónico pescasala.operacions@xunta.gal



Queda prohibida a descarga de polbo fóra dos portos autorizados e, nestes, fóra dos puntos de descarga fixados ou en horarios distintos dos establecidos.

Naqueles portos autorizados onde exista lonxa, unha vez feita a descarga do polbo nos puntos autorizados para iso, deberá trasladarse obrigatoriamente a esta sen que se poida levar ou manter noutro tipo de instalacións con anterioridade á súa poxa, incluídas as vendedorías e os vehículos. De non efectuarse a primeira venda nesa lonxa e se se transporta cara a outra, o produto deberá ir acompañado do correspondente documento de transporte ata que se efectúe a súa primeira venda.

Naqueles portos autorizados en que non exista lonxa deberá cubrirse o documento de transporte con destino a unha lonxa ou centro autorizado de primeira venda.

12. Programa de seguimento e control.

A Subdirección Xeral de Gardacostas coordinará os labores de control específicos deste plan experimental de xestión, en colaboración cos gardapescas das confrarías e os servizos contratados para o efecto.

1. A Consellería do Mar, en colaboración coas federacións de confrarías de pescadores, reforzará os servizos de control en terra.

2. No mar os labores de control serán desenvolvidos cos seus propios medios polo Servizo de Gardacostas en colaboración cos gardapescas das confrarías que dispoñan de medios marítimos.

3. Para o control das descargas en terra contarase con persoal de gardacostas, gardapescas das confrarías, gardapeiraos de Portos de Galicia e persoal propio das autoridades portuarias.

4. O Servizo de Gardacostas, dentro do programa de control deste plan, tamén desenvolverá actuacións nas instalacións frigoríficas, de transformación ou comercialización onde se almacene, transforme e comercialice polbo.

5. O Servizo de Gardacostas, antes do final da veda, elaborará un programa de control en coordinación coas federacións de confrarías.

6. Durante o período de vixencia do plan, os gardacostas destinados ao control deste poderán acceder á información proporcionada polos *plotter*s das embarcacións, ás factu-



ras da carnada e calquera outra información considerada relevante relacionada con este plan, sempre de xeito motivado e coa autorización do/da subdirector/a xeral de Gardacostas ou coordinador do Plan experimental de xestión do polbo.

7. O Servizo de Gardacostas nomeará un coordinador do Plan experimental para a xestión do polbo con nasa.

Este programa de seguimento e control entrará en vigor ao remate da veda deste ano.

– Despachos telemáticos.

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade entre A Guarda e Pedra do Sal, deberán rexistrar a actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [«PLAN EXPERIMENTAL POLBO-NASA 2023-2024 (Zona I A GUARDA-PEDRA DO SAL)»].

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade pesqueira entre Pedra do Sal e Illa de San Vicente, deberán rexistrar a dita actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [«PLAN EXPERIMENTAL POLBO-NASA 2023-2024 (Zona II PEDRA DO SAL-ILLA SAN VICENTE)»].

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade pesqueira entre a Illa de San Vicente e o río Eo, deberán rexistrar a dita actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [«PLAN EXPERIMENTAL POLBO-NASA 2023-2024 (Zona III ILLA SAN VICENTE-RÍO EO)»].

En todo caso:

- a) Os despachos serán específicos para cada zona.
- b) Na mesma semana non poderá despachar a nasa polbo a dúas zonas distintas das incluídas neste plan.
- c) No caso de que as condicións meteorolóxicas impidan manter a actividade na zona solicitada ao longo de toda a semana, logo de comunicación xenérica por parte da confraría cunha antelación mínima de 18 horas, permitírase o cambio de despacho. Neste caso, para que as nasas poidan permanecer caladas a fin de semana nas zonas autorizadas para iso será necesario que a embarcación estivese despachada para esa zona polo menos 3 días desa semana.



d) Cando se produza o cambio de zona, deberanse retirar a totalidade das nasas para a nova localización e deberán respectarse as condicións establecidas para a nova zona, incluído o número de nasas.

e) Autorizarase a realización de traballos de labor, consistente no traslado a bordo das embarcacións das nasas desde o lugar de almacenamento, os tres días naturais anteriores ao inicio da campaña e os tres días naturais posteriores ao seu peche. En ningún caso poderán abandonar o porto unha vez depositadas as nasas nas embarcacións.

– Mostraxes.

Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións participantes mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.

13. Comisión de Seguimento.

Créase a Comisión de Seguimento do Plan experimental para a xestión do polbo, que se reunirá cunha periodicidade mínima trimestral e estará composta polo:

1. Subdirector/a xeral de Gardacostas, que será o seu presidente/a.
2. Subdirector/a xeral de Pesca.
3. Xefe/a do Servizo de Pesca, que será o seu secretario.
4. Presidente/a da Federación Galega de Confrarías ou persoa en quen delegue.
5. Presidente/a da Federación de Confrarías de Pescadores da Coruña ou persoa en quen delegue.
6. Presidente/a da Federación de Confrarías de Pescadores de Lugo ou persoa en quen delegue.
7. Presidente/a da Federación de Confrarías de Pescadores de Pontevedra ou persoa en quen delegue.



8. Coordinador/a do Plan experimental para a xestión do polbo con nasa.

9. Nas reunións, cada un dos seus membros poderá propoñer ata un máximo de dúas persoas para asistir a estas, con voz pero sen voto.

Entre as súas funcións, a Comisión poderá propoñer cambios temporais deste plan cando se produzan situacións excepcionais.

14. Extracción e comercialización.

O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

15. Infraccións e sancións.

O incumprimento das condicións establecidas neste plan poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

A conselleira do Mar
P.D. (Orde do 21.2.2022; DOG núm. 41, do 1 de marzo)
Antonio Basanta Fernández
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

ANEXO
Portos autorizados

Provincia de Lugo:

Porto de descarga		Porto secundario
Ribadeo	Lonxa en porto pesqueiro	



Porto de descarga		Porto secundario
Foz	Lonxa en porto pesqueiro	Porto Chico
Burela	Lonxa en porto pesqueiro	
San Cibrao	Portos pesqueiros de San Cibrao e Morás	
Celeiro	Lonxa en porto pesqueiro	
O Vicedo	Porto pesqueiro	

Provincia da Coruña:

Porto de descarga		Porto secundario
O Barqueiro	Peirao do porto	
Espasante	Peirao próximo á lonxa	
Cariño	Peirao próximo á lonxa	
Cedeira	Peirao novo	
Ferrol	Pantalán da dársena de Curuxeiras	
Barallobre	Peirao próximo á lonxa	
Mugardos	Peirao próximo á lonxa	
Ares	Zona nave multiúsos	
Pontedeume	Peirao próximo á lonxa	
Sada	Pantalán artes varias	
Lorbé	Peirao do porto	
Mera	Peirao Linares Rivas porto A Coruña	
A Coruña	Peirao próximo á lonxa	
Caión	Peirao do guindastre	
Malpica	Escaleiras da lonxa	Pantalán dársena interior
Corme	Peirao do porto	
Laxe	Rampla da lonxa	Zona de descarga do peirao novo
Camelle	Peirao de Camelle	
Camariñas	Peirao do porto	
Muxía	Rampla do porto	
Fisterra	Peirao do porto de Fisterra	
Corcubión	Peirao do porto	
O Pindo	Peirao do porto	
Lira	Porto de Lira	Rampla nova



Porto de descarga		Porto secundario
Muros	Rampla peirao sur (praia do Castelo), peirao sur fronte á lonxa e rampla peirao sur lonxa.	
Noia	Peiraos do Testal e O Freixo	
Portosín	Peirao próximo á lonxa	
Porto do Son	Rampla da lonxa	
Corrubedo	Porto de Corrubedo	
Aguiño	Peirao de Aguiño	Porto de Ribeira
Ribeira	Peirao próximo á lonxa	
A Pobra do Caramiñal	Peirao próximo á lonxa	
Cabo de Cruz	Peirao próximo á lonxa	
Rianxo	Porto de Rianxo	

Provincia de Pontevedra:

Porto de descarga		Porto secundario
Cambados	Lonxa de Tragove	
O Grove	Portos de Pedras Negras, Meloxo e O Grove	
Portonovo	Inmediacións lonxa, rampla E, 1ª escaleira do peirao	
Raxó	Peirao de Combarro Porto de Raxó	
Pontevedra	Lonxa de Campelo	
Lourizán	Dársena embarcacións menores Lourizán	
Marín	Rampla dársena de baixura almacén xeral empaque número 24	Lonxa
Bueu	Ramplas de descarga da lonxa	
Aldán-O Hío	Porto	
Cangas	Ramplas descarga lonxa	
Moaña	Porto pesqueiro de Vigo	Porto de Meira-Moaña
Vigo	Porto pesqueiro de Vigo e Porto de Canido	
Baiona	Pantalán fronte lonxa e escaleira pedra esquerda lonxa e peirao pesqueiro de Panxón	
A Guarda	Rampla de varada do porto da Guarda e o peirao alto	

